

VECIÑANZA NON APOIA A XESTIÓN ECONÓMICA DO GOBERNO LOCAL DE CUNTIS, QUE INCUMPRE SISTEMATICAMENTE A LEI DE CONTRATACIÓN PÚBLICA

- *Os informes de Intervención Municipal poñen en evidencia que a xestión económica do Goberno do PSOE reproduce exactamente as mesmas carencias que o propio PSOE lle recriminaba ao goberno do Partido Popular. É por isto que Veciñanza non pode avalar que se incumpra sistematicamente a Lei de Contratación do Sector Público*
- *Veciñanza volveu reiterar no pleno da pasada semana a necesidade de que o Concello de Cuntis instale un sistema de gravación e emisión por streaming no Salón de Plenos*

Cuntis, 4 de xuño de 2020

Veciñanza volveu reiterar no pleno da pasada semana a necesidade de que o Concello de Cuntis instale un sistema de gravación e emisión por *streaming* no Salón de Plenos. Se xa de por si esta é unha medida elemental de transparencia, que existe na maioría de concellos de dimensión semellante ao noso, agora esta necesidade faise máis imperiosa para garantir o dereito democrático das veciñas e veciños a seguir as sesións plenarias. **As restricións de asistencia que impón a situación sanitaria que vivimos fan que esta medida sexa máis necesaria ca nunca.** Esta é unha reivindicación que vén mantendo Veciñanza dende o comezo da nosa andaina na Corporación Municipal, pero que ata o de agora o Goberno Local non aceptou. Veciñanza veu gravando cos seus propios medios as sesións durante a lexislatura pasada e publicándoas para que calquera veciño/as puidera seguir o contido dos plenos, suplindo así unha carencia do Concello de Cuntis e cumprindo cunha función de transparencia que nos caracteriza. Veciñanza entende que é deber do Goberno Municipal garantir un dereito democrático, máis aínda na situación que vivimos, pero esta é tamén unha medida de transparencia que melloraría o desenvolvemento das sesións plenarias.

A ausencia deste sistema de gravación impediulle aos veciños/as coñecer de primeira man [o acontecido no pleno ordinario do pasado día 28 de maio](#), xa que a sesión celebrouse sen a presenza de público asistente, como indican as restricións sanitarias do Estado de Alarma que vivimos. Nesta sesión, o PSOE aprobou en solitario dúas cuestións de carácter económico que reflexan a súa xestión nesta materia durante os 5 anos que suma de goberno.



- A primeira delas foi a aprobación dun recoñecemento extraxudicial de crédito por valor de máis de 177.000 euros que contiña facturas do ano 2017. O pago inmediato de facturas para dotar de liquidez económica a provedores na situación que atravesamos foi **o primeiro punto que contiña o documento de medidas económicas para a recuperación que Veciñanza presentou o pasado día 4 de maio**. Do recoñecemento extraxudicial de crédito que o Goberno aprobou tan **só 2568 euros eran de facturas deste ano 2020, moitas delas tiñan estreita relación con traballos realizados nos meses previos ás eleccións municipais de 2019 e a inmensa maioría procedían de discrepancias coa Intervención Municipal, é dicir, incumprían a Lei de Contratación do Sector Público**. Facturas irregulares. O recurso dos Recoñecementos Extraxudiciais de Crédito que incluían facturas de diversa natureza era duramente criticado polo PSOE cando se atopaba na oposición e llo recriminaba ao goberno do Partido Popular. **Veciñanza apoia o pago a provedores locais, pero non avala o uso e abuso de fondos públicos para fins alleos aos procedementos legais de contratación**, que este goberno omite sistematicamente. O propio informe de intervención que se incluía neste expediente poñía de manifesto o que o noso voceiro municipal, Santi Martínez, expuxo no pleno da pasada semana.
- **A segunda das cuestións aprobadas foi a Conta Xeral de 2018**, que fora ditaminada na Comisión Especial de Contas de febreiro e quedara en suspenso o seu debate pola entrada en vigor do Estado de Alarma. A Conta Xeral que o PSOE aprobou arroxa un resultado máis que preocupante: foi presentada **fóra de prazo** (tería que terse feito o 1 de outubro de 2019); a Conta do Resultado Económico-Patrimonial presenta **PERDAS por importe de 153.715,36 €**; o informe de Intervención confirma que a xestión económica do Concello resulta **INSUFICIENTE para afrontar investimentos**; a Conta Xeral incorpora un total de 65 levantamentos de reparos de Intervención, o que significan **resolucións ditadas polo propio Alcalde contra informes que advirten en moitos casos de irregularidades na fiscalización ou no proceso de contratación**; e o máis grave e preocupante: o Informe da Intervención Municipal advirte de que a xestión económica do actual Goberno Municipal, reflexada nesta Conta Xeral, provocará **incidencias na fiscalización do Tribunal de Contas, o que podería chegar a provocar que o noso Concello vise como se lle bloquea o acceso a subvencións públicas**.

Os informes de Intervención Municipal poñen de manifesto que a xestión económica deste Goberno Municipal reproduce exactamente as mesmas carencias que o propio PSOE lle recriminaba ao goberno do Partido Popular. É por isto que Veciñanza non pode avala que se incumpra sistematicamente a Lei de Contratación do Sector Público, como acontece en Cuntis, e é deber informar publicamente destes feitos.

